



## PROBAS DE ACCESO ÁS ENSEINANZAS DEPORTIVAS CURSO 2020/21.

Por Resolución do 15 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, convocáronse as probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2020/21. (DOG, 23 de xuño)

Posteriormente, publicouse o protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 (versión 22-07-2020).

Tendo en conta as características específicas das probas de acceso para as ensinanzas deportivas, e co obxecto de garantir as correctas medidas de prevención sanitaria na realización das mesmas, cómpre ter en conta o seguinte:

- 1.- Constatar que o equipo COVID 19 do centro educativo é coñecedor da realización das probas (protocolo de limpeza e centro de saúde de atención primaria de referencia).
- 2.- Cada membro do tribunal realizará unha autoavaliación dos síntomas a fin de comprobar, se estes son compatibles cunha infección por SARSCoV-2. Utilizarase a enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I, e que debe realizarse antes da chegada ás probas. De existir síntomas contactará co centro de saúde e non asistirá as probas.
- 3.- Os participantes nas probas realizarán unha autoavaliación dos síntomas a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2. Utilizarase a enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I, e que debe realizarse antes da chegada as probas. De existir síntomas contactará co centro de saúde e non asistirá as probas.
- 4.- Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARSCoV-2 nun participante durante a estancia nas probas, este será confinado no espazo de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas, mentres non se xestiona o seu traslado. Este espazo contará con ventilación adecuada, solucións hidroalcohólicas, papeleira de pedal e panos desbotables.
- 5.- Só poderán acceder as probas os participantes e usarán de xeito obrigatorio máscaras, excepto na realización das actividades físicas individuais nas que se poda garantir a distancia mínima de 2 metros.
- 6.- Os participantes deberán de presentarse con roupa deportiva e poderán traer material individual para a realización da proba (balón medicinal, taco da proba de flexibilidade, chaleco salvavidas, etc.). Á entrada e saída das probas, esixiráselles a todas as persoas da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento (os centros aportarán as solucións hidroalcohólicas).
- 7.- A chamada aos participantes farase preferentemente nunha instalación deportiva exterior, na que tamén farán o quentamento individual, mantendo a distancia de seguridade. Poderase facer dous grupos diferenciados para o desenvolvemento das probas.
- 8.- As probas realizaranse preferentemente en instalacións exteriores e de xeito individual. Nas instalacións pechadas non se superarán as 25 persoas ou 2/3 do aforo da mesma. O tribunal explicará de xeito xeral o desenvolvemento de cada proba, que só poderá ser realizada polo participante unha vez, non permitindo o acceso a ese lugar de execución ata ese intre.
- 9.- O material de uso compartido que é necesario manipular coas mans se desinfectará despois de cada uso cando sexa posible. (Os centros aportarán o spray desinfectante)





10.- Os participantes deberán:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado antes e despois de cada proba na que se utilicen estas. Correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica atendendo ás características de cada proba.
- Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
- Manter a distancia física recomendada de 2 metros durante toda a realización das probas, incluídos os desprazamentos entre instalacións e os descansos.
- Non se poderá compartir material persoal.
- O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior a un terzo do seu aforo. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.

11.- Para a realización de probas escritas, utilizarase unha aula na que o alumnado se dispoña sentado en pupitres e todos orientados nun mesmo sentido, cunha distancia física mínima de 1 metro.

12.- As probas realizaranse sen contacto físico e será obrigatorio o uso da máscara cando non se poda manter a distancia de seguridade de 2 metros.

13.- O incumprimento das normas de seguridade suporá a expulsión das probas.

14.- Nas ensinanzas deportivas aplicarase o protocolo xeral establecido para cada práctica deportiva ou modalidade.

15.- Nas probas aplicarase a normativa sanitaria en vigor relacionada co COVID 19.

O que se comunica para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela.

O subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial

Juan Durán Alonso

